

## ASOCIACIÓN NOVOS VITICULTORES ULLA-UMIA


### O Viño do Ulla no C.R.D.O. Rías Baixas

A Ribeira do Ulla foi sempre unha terra de viño, pero non foi ata o ano 2000 cando o Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas a incluíu oficialmente como subzona de produción amparada polo selo Rías Baixas.

O proceso iniciouse cunha replantación con clones productivos e tamén coa recuperación de viñas vellas de variedades autóctonas nos concellos de Vedra, Padrón, Teo, Boqueixón, A Estrada, Silleda, Vila de Cruces e Touro.

Naquel tempo, a subzona contaba con apenas 46 hectáreas de plantación das que se acadaron preto de 180.000 Kg de uva maioritariamente da variedade Albariño.

Co paso dos anos, a xente foise interesando en incluír as súas plantacións no marco da Denominación de Orixe, contando actualmente con 125 hectáreas, 93 viticultores e 5 adegas que vinifican un total de 356.792 Kg de uva segundo os datos recollidos da campaña do 2008.



Calcúlase que nun período de cinco anos poderían acadarse o millón de quilos de uva e como consecuencia a mellora da competitividade do sector fronte ás producións doutras economías, e non soamente polo aumento da mesma senón polas características diferenciadoras do viño do Ulla.



Inda que a variedade que ocupa maior extensión é a do Albariño (523.665 Kg na vendima 2009), non podemos esquecer outras como o Mencía, a Treixadura, o Torrontés, o Caiño Tinto ou o Godello, variedades que, xunto coa situación xeográfica, confírenlle aos caldos da subzona unha personalidade propia.

Os viñedos do Ulla aséntanse nun relevo moderadamente ondulado e con elevacións que envolven abertos e soleados vales.

A climatoloxía é de tipo oceánico con unha influencia atlántica clara que se caracteriza pola súa suavidade termométrica en tódalas estacións e con unha xenerosidade pluviométrica sen excesos.

Os solos son fundamentalmente depósitos de arenisca e grava derivados de substratos graníticos.

Non en balde, pese a ser a subzona máis nova da Denominación de Orixe, os viños brancos da Ribeira do Ulla supoñen o 3% de todo o Albariño das Rías Baixas e o 11% dos tintos.

O Consello Regulador encárgase tanto do Control de Calidade como de Orixe, que comeza coa inscrición da finca nos Rexistros do Consello ata pouco antes da vendima, avaliando a produción e a calidade da uva nun tanto por cento representativo das parcelas da Denominación de Orixe.

Unha vez comezada a vendima, máis de 60 inspectores supervisan os traballos de recolección, o seu transporte e a descarga nas adegas.

O Control de Calidade verificase partida por partida, de tal xeito que se unha adega quere calificar unha partida de viño ten que solicitar a autorización ao Consello, quen realiza a toma de mostras para sometelos a un exame analítico instrumental, organoléptico e sensorial.

Gracias ao labor divulgativo e promocional do Consello Regulador, os viños galegos teñen unha proxección internacional podendo atopar un anaco do Ulla en lugares tan dispares coma nos Estados Unidos, Finlandia ou Shanghay. E non se debe á casualidade, débese a que en Galicia prodúcese un dos mellores viños do mundo. E non somos nós os que o dicimos. Son as catas.

Exportacións:



Marta Iglesias López  
Enxeñeira Técnica Agrícola  
Asociación Novos Viticultores Ulla-Umia